

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (XUNTA PROVINCIAL DE A CORUÑA), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOYO Y ACOMPAÑAMIENTO, LOGOPEDIA, COLABORACIÓN COA UNIDADE DE COIDADOS PALIATIVOS E ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Ferrol, 27 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte. D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, D. Manuel Aguilar López, NIF 15922727 B, actuando en nome e representación da Xunta Provincial da Coruña da Asociación Española contra o cancro (en adiante AECC), asociación privada, non gubernamental, sen fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Fundacións e Asociacións co número 3827, en virtude das facultades que lle son conferidas como Presidente nos Estatutos que regulan a organización e funcionamento da AECC, provista de NIF G28197564, e con enderezo a efecto deste convenio na rúa Real 1, 1º, 15003, A Coruña.



As partes intervenientes recoñécense reciprocamente capacidade para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

- 1.** Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de "utilidade pública" en 1970, ten como principal fin loitar contra o cancro en todas as posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información de carácter sanitario ou asistencial.
- 2.** Que a Área Sanitaria de Ferrol, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñece o importante papel da AECC. Por iso, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, está interesada en colaborar coa AECC.
- 3.** Que a Área Sanitaria de Ferrol, incorpora entre os seus obxectivos o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociacións de ámbito sanitario.
- 4.** Que co propósito de instrumentar unha acción coordinada en todos os campos de actuación en materia oncolóxica, ambas as partes, de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio de colaboración.



5. De conformidade co anteriormente exposto, e seguindo este amplo senso de colaboración, as entidades comparecentes deciden cooperar nas actividades que actualmente desenvolven, recoñecéndose a representación que ostentan e acordando formalizar o presente convenio de colaboración, con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O presente convenio regula a actuación do voluntario e dos profesionais da AECC nos hospitais pertencentes ao Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (en adiante o Hospital) cos pacientes oncolóxicos, co fin de promover unha maior calidade de vida para os enfermos de cancro e as súas familias; facilitar o Programa denominado "Apoyo y Acompañamiento" e as actividades de voluntariado; regular a actuación do Servizo de Logopedia da AECC no Complexo Hospitalario Universitario Ferrol, para a atención logopédica a pacientes con cancro de cabeza e pescozo, na atención á disfaxia, disgllosia, disfonía e voz alarínxea secundarias á cirurxía e ao tratamento quimioterápico a pacientes con cancro de cabeza e pescozo dos Servizos de Otorrinolaringoloxía e Oncoloxía Médica do Hospital que de xeito libre e voluntario queiran ser beneficiarios do referido servizo, cumpríndose así os fins da AECC e colaborando cos responsables asistenciais do Hospital na atención integral aos devanditos pacientes; e colaborar coa Unidade de Coidados Paliativos co fin último de mellorar a calidade da atención aos doentes paliativos atendidos na Área Sanitaria de Ferrol (en adiante ASF) e con especial atención a aquelas localidades que dentro do ámbito territorial da ASF se atopen máis afastadas do Hospital.

O programa ten por obxecto facilitar de maneira inmediata a obtención da información necesaria dos recursos existentes para a atención aos pacientes



The image shows a circular official stamp in blue ink. The text inside the stamp reads: "ÁREA SANITARIA DE FERROL.", "SERVIZO GALEGO de SAÚDE", "XUNTA DE GALICIA", and "XERENCIA". To the right of the stamp is a handwritten signature in blue ink.

recén diagnosticados de cancro e os seus familiares en relación á situación da súa enfermidade:

- Identificando as necesidades da persoa enferma e da súa familia unha vez diagnosticada
- Avaliando o grao de malestar que presentan as persoas enfermas e familiares tras recibir o diagnóstico
- Favorecendo o acceso aos diversos servizos que sexan máis axeitados e que se axusten ás súas necesidades

As principais actividades a desenvolver polos voluntarios son:

- Acompañamento ao paciente oncolóxico a aos seus familiares cando as condicións do paciente o faciliten e non exista impedimento por parte dos afectados
- Facilitar e apoiar ao cuidador primario no seu descanso físico e emocional
- Apoio ao paciente oncolóxico a aos seus familiares para facilitar a expresión das emocións asociadas co diagnóstico e o proceso da enfermidade
- Actividades de animación e entretemento para facilitar a estancia da persoa enferma no hospital e a distracción con actividade de lecer
- Guía hospitalaria e apoio na realización de xestións
- Comunicación á coordinadora de voluntariado da AECC no hospital dos casos que presenten situacións e necesidades que requiran a intervención do persoal especializado para a súa derivación ao profesional correspondente

SEGUNDA. Obrigacións das partes

A AECC comprométese a:

- Achegar un profesional para a Coordinación do Voluntariado da AECC que será responsable da actuación dos seus membros e o interlocutor válido ante o representante nomeado polo o Hospital



- Achegar unha persoa **en posesión da titulación necesaria para a realización das actividades propias de logopedia** en concordancia co disposto polo artigo 2.2.b) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias quen, de selo caso, actuará en coordinación cos servizos do Hospital
- Realización de seguimento telefónico ou presencial polos profesionais e/ou voluntarios da AECC naqueles casos que a criterio da unidade de coidados paliativos se poidan realizar
- Achegar o persoal voluntario necesario para a correcta atención dos doentes
- Seleccionar e formar aos voluntarios que participen no desenvolvemento da actividade
- Achegar unha identificación clara e inequívoca do persoal voluntario
- Prover dos seguros de accidentes e responsabilidade civil aos voluntarios
- Fomentar a presenza dos voluntarios en todos aqueles foros onde se traten temas relacionados co voluntariado e o cancro adulto e infantil, e nas xornadas de convivencia social que organice a AECC
- Realizar as actividades pola mañá no horario que se estime máis oportuno para non obstaculizar o funcionamento do centro hospitalario de modo que as condicións de utilización do inmovible non deben interferir no uso ordinario do mesmo polo órgano que o ten adscrito
- Acompañamento do doente no domicilio por parte do voluntariado, primando a opción en liña, aínda que se valorará en cada caso particular a posibilidade de realizar acompañamento presencial
- Garantir que o seu persoal garde o secreto profesional e confidencialidade respecto de calquera información que poida recibir, ou á que poida acceder, directa ou indirectamente, por calquera medio e circunstancia, como resultado da execución dos servizos regulados polo presente convenio

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da ASF, comprométese a:



- Facilitar un espazo físico para uso dos profesionais da coordinación do voluntariado, **de logopedia** e dos recursos materiais destinados a levar a cabo a súa acción, así como dar cabida ao equipo de voluntarios actuantes no hospital, pero sen asumir o custo, mantemento, custodia e preservación dos mesmos
- Facilitar cando se necesite un espazo para a realización de actividades de animación e de lecer para os pacientes oncolóxicos e os seus familiares, con petición propia
- Facilitar a difusión do programa de voluntariado dentro do Hospital a través de folletos e cartelería (preferiblemente en formato electrónico), proporcionada pola AECC, nos lugares máis visibles para as persoas usuarias, permitindo á AECC adecuar o espazo físico do coordinador e os seus voluntarios á imaxe da AECC, cos seus produtos e a papelería identificadora da entidade

TERCEIRA. Relacións con terceiros

Os contratos que AECC concerte con terceiros non serán fonte de obrigacións para o Servizo Galego de Saúde.

Nos contratos de calquera índole que AECC formalice con terceiros deberá figurar expresamente que estes non adquiren dereitos de ningún tipo co Servizo Galego de Saúde.

Farase constar, tamén expresamente, que os devanditos contratos se extinguirán no momento en que este convenio perda vixencia temporal, ou ben no intre en que se resolva por calquera das causas que nel se establezan.

A subscripción do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo de AECC, nin de terceiros con quen esta contrate, cos profesionais do Servizo Galego de Saúde, con carácter xeral, nin concretamente



A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a horizontal line at the bottom.

cos do Hospital, de tal xeito que AECC non poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, por actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.


A subscrición do presente convenio non da dereito nin á AECC, nin aos terceiros con quen esta contrate, ao emprego, uso ou acceso, de xeito directo ou indirecto, de calesquera dos sistemas de información sanitaria do Servizo Galego de Saúde, con especial referencia á historia clínica dos pacientes.

O persoal que participe no desenvolvemento do presente convenio seguirá baixo a dirección e dependencia de AECC, sen que en modo algún tal relación se modifique en virtude do presente convenio.

A figura profesional da Coordinación do Voluntariado, así como a da persoa con titulación de Diplomatura ou Grao en Logopedia, dependerán organicamente da AECC, a cal asumirá a súa selección, nomeamento e xestión.

É responsabilidade da AECC:

- i) Cumprir e facer cumprir as disposicións legais vixentes sobre prevención de riscos laborais así como a normativa interna do Hospital acerca das condicións de seguridade.
- ii) Cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na contratación ou prestación directa de servizos de natureza sanitaria que estean sometidos ao réxime de autorización de funcionamento.
- iii) Cumprir e facer cumprir o segredo profesional e garantir a confidencialidade en relación aos datos persoais do paciente, con especial referencia á categoría especial de datos de saúde, co gallo de dar cumprimento ao establecido na Lei



orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

CUARTA. Comisión mixta de seguimento

Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente convenio e coordinar as accións previstas, créase unha comisión mixta entre a AECC e o Hospital, integrada:

- Por parte da AECC, pola persoa que ostente a Presidencia da mesma, ou persoa en quen esta delegue, e un técnico nomeado por aquela
- Por parte do Hospital, a persoa titular da Xerencia da ASF, ou persoa en quen esta delegue, e un técnico nomeado pola Xerencia que actuará como Secretario con voz e voto

Serán funcións xerais desta comisión:

- A avaliación do desenvolvemento do presente convenio
- A preparación dos sucesivos programas
- A proposta de prórroga do convenio ou da súa rescisión
- A estudo e asesoramento respecto de cantas cuestións sexan sometidas á comisión por calquera das partes

Esta comisión reunirse unha vez ao semestre e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

QUINTA. Financiamento

O presente convenio non leva compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde / Área Sanitaria de Ferrol, e por este motivo non precisa consignación orzamentaria.



The image shows a handwritten signature in blue ink on the left. To its right is a circular official stamp. The stamp contains the following text: 'ÁREA SANITARIA DE FERROL' at the top, 'SERVIZO GALEGO de SAÚDE' in the center with a cross symbol, 'XUNTA DE GALICIA' at the bottom, and 'XERENCIA' at the very bottom.

SEXTA. Autorizacións especiais de uso de espazos

As autorizacións concedidas o son con carácter excepcional, e entenderanse outorgadas en precario, podendo ser revocadas libremente en calquera intre, sen que AECC teña dereito a indemnización algunha.

SÉTIMA. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. A falta de uso dos recursos necesarios para o desenvolvemento dos seus programas
2. O incumprimento manifesto das obrigacións que AECC contrae por este convenio
3. A necesidade de utilización por parte da Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol dos espazos que se facilitan á AECC
4. O acordo mutuo das partes
5. A denuncia expresa dunha das partes cun previo aviso de, como mínimo, dous meses
6. desaparición das circunstancias que deron orixe ao mesmo

OITAVA. Reversión e acta de entrega

A extinción do presente convenio por calquera causa das indicadas producirá a inmediata reversión á Área Sanitaria de Ferrol dos bens, medios e recursos postos a disposición da AECC.

Pola súa banda, AECC poderá retirar os bens, medios e recursos da súa propiedade que se atopen nos lugares e espazos nos que se estaban a empregar.



A large, stylized handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal line at the bottom.

Rematada a utilización dos bens, medios e recursos postos a disposición da AECC a Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol ordenará levantar acta de entrega, en presenza da representación da AECC, na que se deixará constancia do estado dos bens, medios e recursos aos efectos de reparación, reclamación ou indemnización posterior con cargo á AECC dos danos e prexuízos que se puideran causar, sempre que os mesmos fosen imputables ao incumprimento das obrigacións establecidas neste convenio.

NOVENA. Cuestións litixiosas

En concordancia co establecido polo artigo 27 da Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, este convenio é dos previstos no artigo 6 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios recollidos polo artigo 4 da devandita Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse na interpretación das cláusulas deste convenio.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMA. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervintes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de



especificacións que figuren recollidos nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

UNDÉCIMA. Vixencia. O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia inicial dun ano. As partes poderán acordar a prórroga do presente convenio por 1 anos máis de conformidade co sinalado polo artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro e o artigo 37.2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia; e sempre con anterioridade á data de vencemento do prazo previsto no apartado anterior e mediante a súa formalización por escrito.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data sulñados no encabezamento.

O presidente do Servizo Galego de Saúde
(P.D. de data 16 de xullo de 2021
Xerente da Área Sanitaria de Ferrol)

Ángel José Facio Villanueva



O presidente da Xunta provincial
A Coruña de AECC

Manuel Aguilar López

